

TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

Nº 10 · abril-xuño 2010

1€



Neste número:

Alberto Campero,
un alcalde para a polémica.

Foro do Casal
de Pedro Domínguez (III)

Unha viaxe á Atenas clásica (II)

e as nosas seccións habituais...



Entrevista a
Paco Galo

Editorial

Ataque á Lingua Galega

A lingua forma unha parte fundamental dese proxecto colectivo que chamamos país. O Estatuto de Autonomía reconece no seu artigo 5 que a lingua propia de Galicia é o galego. Que sentido ten entón afirmar que en Galicia se está a impoñer-la lingua propia deste país?

Que é unha nación? Pois, nada menos que unha comunidade de persoas con historia, cultura, territorio, tecido socio-económico, administrativo propios e a conciencia colectiva de constituír un pobo diferenciado. Que sentido ten entón dicir que se está a impor o elemento de expresión oral e escrita desa cultura? Por certo, unha cultura milenaria que o máximo responsábel de coídalala, prestixiala e espallala, o propio conselleiro de Cultura do Goberno Autonómico, a cualifica de "acomplexada, ensimesmada e de limitar".

A resposta só pode ser unha: ningún sentido. Mais sen embargo está a acontecer dende o pasado 1 de marzo de 2009 por parte do Goberno da Xunta, goberno lexitimado polo propio Estatuto de Galicia e os votos cidadáns, claro está.

"O responsábel de que un país vaia mal é o presidente do Goberno e os que o apoian" (Alberto Núñez Feijóo no mes de febreiro pasado). Non, non se vai falar da abrupta caída da licitación de obra pública, nin dos pluses de altos cargos, tampouco do repunte do paro neste ano en Galicia, nin do aumento dos tempos das esperas sanitarias; mais si que se vai falar da ruptura, por primeira vez, dos consensos acadados en materia de normalización lingüística dende a existencia de gobernos autonómicos.

A retórica é a arte de ben dicir e de embelece-la expresión da realidade. A retórica de Núñez Feijóo resulta ser un uso artificioso, un mal uso desta arte. Resulta ser unha arte arteira, falaz e utilizada co propósito de enganar á cidadanía, porque os feitos demostran que en materia de política lingüística todo se está a facer rematadamente mal e ninguén está a asumir-las responsabilidades.

Dende a existencia da Autonomía ningún presidente do Goberno tivo tanta contestación social (tres multitudinarias manifestacións e unha folga no sector público do ensino; tantos ditames contrarios á súa política lingüística feitos polas máis prestixiosas institucións culturais do país; tantos rexeitamentos de sindicatos, asociacións pedagóxicas, claustros de profesores, asociacións de estudantes, xuristas, catedráticos, ANPAS... É dicir, Feijóo e o seu goberno contra todos.

No ano 2001 o Goberno do Estado, presidido por José María Aznar, ratificou a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias impulsada en 1992 polo Consello de Europa con rango de tratado internacional. Entre os compromisos adquiridos naquel entón polo Estado figura a garantía dunha educación nas linguas recoñecidas como oficiais nos respectivos Estatutos de Autonomía de

Cataluña, Euskadi, Galicia, Illas Baleares, Valencia e Navarra.

A Xunta está a incumpri-lo tratado europeo das linguas minoritarias do Estado, porque ese tratado implica, entre outras cousas, a existencia dun ensino en galego. Impartir un 50% en galego non encaixa cos niveis asumidos por España en 2001. É moito menos o 33%? Pola contra, o comité de expertos, dependente do Consello de Europa, responsábel do cumprimento da Carta emitiu un informe en decembro de 2008 no que se salientaba o Decreto 124/2007 que propugnaba unha carga lectiva de, como mínimo, a metade das materias do currículo co galego como lingua vehicular e eloxiaba o proxecto das galescolas. Mais tamén recoñecía que, malia estas felices iniciativas, o número de alumnos que recibían ensino en galego seguía a ser moi baixo.

O goberno de Núñez Feijóo eliminou as galescolas, vai derroga-lo Decreto 124/2007 e está a incumpri-lo Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento e polo Goberno do que era parte importante o actual presidente da Xunta, e tamén a propia Lei de normalización.

Pactar, señor presidente, é unha arte que acada especial relevancia. Hai que saber perder para que ao remate o pobo gañe. Pero isto é algo que tan só os políticos de altura conseguen. Os mediocres, endexamais.

ÍNDICE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páxs. 4 e 5
Miscelánea	páx. 6 e 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Páxinas literarias	páxs. 10 e 11
Viaxes	páxs. 12 e 13
Actualidade	páx. 14 e 15
Novos artistas	páx. 16
Os papéis de Añón	páx. 16

Director:

Xosé M. Vázquez

Consello de Redacción:

Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco

Foto Portada:

Inauguración do monumento a Añón. 17 maio 1966

Edita:

A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com

Maqueta e imprime:

Grafinoia, S.L.

Asemblea Anual

O pasado 17 de xaneiro tivo lugar a asemblea anual da nosa asociación, na que a actual directiva presentou aos socios asistentes o balance de actividades do ano 2009 e se aprobaron as contas do exercicio anterior, así como o plan de actividades para o presente ano.

Acto seguido, mentres se preparaba a comida que ían disfrutar socios e colaboradores, proxectouse un



Presentación da Revista nº 9



Asemblea Anual

recopilatorio fotográfico musicalizado de todos os actos, públicos e privados, que Terra de Outes desenvolveu ao longo do ano pasado.

A continuación, os perto de 30 asistentes, deron conta dunha succulenta mariscada a base de mexilóns ao vapor, cigalas preparadas de xeito inigualable polo noso socio Francisco Rama -Fufú- e polvo con setas exquisitamente elaborado por Xosé M. Vázquez -Xastre-.

Finalmente, na sobremesa, o presidente Xoán Mariño presentou o exemplar nº 9 da revista da nosa asociación.

Celebración do Entroido

Como vén sendo habitual desde hai xa uns anos, polo mes de febreiro, a nosa Asociación celebra o Entroido cunha lacoada na que acostuman participar bo número dos socios e socias con vistosos disfraces.

Nesta ocasión, a opípara cea tivo lugar o sábado 13 no restaurante da casa rural de Roque, en Sarnón. Despois a festa continuou animadamente por diversos pubs da Serra ao son da incesante música que por unha noite converteu algunhas das nosas rúas nun concorridísimo sambódromo.



Cea de Entroido

Próximos Actos: Letras Galegas 2010



Luis Martínez-Risco

Con motivo da conmemoración do **17 de maio**, todas as entidades públicas e privadas, grandes e pequenas, nacionais ou locais, que aman o noso país, a nosa lingua e a nosa cultura, celebran esta data con multitude de actos que se organizan en cada recuncho da nosa Terra. A nosa Asociación quere sumarse a eles cunha charla que vai impartir a que fora directora do Colexio da Serra e mais do Instituto Poeta Añón, **Pilar Sampedro** o venres 21 de maio na Casa da Cultura, sobre o poeta Uxío Novoneyra, a quen este ano a Real Academia dedica o Día das Letras Galegas; e mais cunha exposición dedicada a Vicente Risco que se inaugurará o mesmo día (e que poderá contemplarse ata o 4 de xuño), coa participación de **Luis Martínez-Risco**, presidente da Fundación que leva o nome do insigne escritor ourensán.



Pilar Sampedro

ALBERTO CAMPERO: un alcalde para a polémica

Xoán Fco. García Suárez

Alberto Campero pertenceu a unha poderosa familia noíesa, sendo un antepasado deste personaxe Esteban Campero y Leis, alcalde de Noia no ano de 1808 e fundador en 1810 da Fábrica de papel do Castro de Lousame; e da que, por certo, era accionista da mesma o pai doutro ilustre galego: o pai do cartógrafo Domingo Fontán Rodríguez —e vaia coas casualidades—, sobriño do cura párroco de Noia.

Trátase dun home moi relacionado cos círculos políticos da época na comarca e, sobre todo en Noia, onde a plana maior dos liberais —á altura de 1825— incluía persoeiros como o mentado cura párroco Sebastián Rodríguez Blanco ou, como non, un tal Juan María Campero, sen dúbida tamén pertencente á familia do home que nos ocupa.

Segundo conta Clodio González Pérez (*Apuntamentos históricos sobre a Vila de Noia*. Ed. Toxosoutos. Noia. 2000), xa en 1821 Alberto Campero se interesou pola historia da súa vila natal, xunto con Juan Henríquez Ossorio e Eugenio Reguera Pardiñas, sendo os tres os primeiros estudosos sobre a orixe e a historia de Noia. Eran persoas cultas e interesadas na cultura e a historia (Pardiñas tentou incluso elaborar un vocabulario galego-castelán e unha Xeografía e Historia de Galicia).

Pero, por que nos interesa Alberto Campero? Que relación tivo con Outes?

Pois porque Alberto Campero foi nomeado alcalde de Outes o 1 de xaneiro de 1846 a raíz das eleccións do 20 de decembro de 1845, nun marco político caracterizado pola antidemocrática e recén promulgada Constitución de 1845, produto da chegada de Narváez ao poder. No acto de toma de posesión xura ser fidel á Constitución e á Monarquía de Isabel II e “conducir ben e firmemente no desempeño do seu cargo”.

Entre as primeiras medidas que adopta desde a Alcaldía está o nomeamento de Secretario en propiedade a D. Xosé de Lastres o 20 de febreiro de 1846 e do que destacou a súa “buena conducta política y moral” e os “méritos contraídos en la carrera militar...”.

O 13 de abril dese ano, Alberto Campero, obedecendo as ordes do Xefe Político da Provincia, ordena baixo pena de morte o alistamento de mozos para poñelos a disposición de Narváez e combater contra os participantes do levantamento de 1846 liderado por Solís, e entre os que se atopaba o poeta outense Francisco Añón. Este levantamento foi reprimido polas tropas fideis a Isabel II, e os seus líderes fusilados en Carral o 26 de abril. Añón, xunto con Faraldo consegue fuxir a Portugal.


Este apoio de Campero ao réxime de Isabel culmina co ingreso dos impostos municipais no Banco Español de San Fernando na Coruña para poñelos a disposición da causa isabelina e, incluso o 27 de outubro de 1846 acorda que se fixesen festas “en obsequio de los augustos desposorios de S.M. la Reina Isabel II y la Infanta S.A.R. Doña Maria Luisa Fernanda y...” (...) “...deseoso el Ayuntamiento en medio de la penuria de sus fondos municipales de festejar tan fausto acontecimiento como mejor fuera posible...”, dispón que a tal efecto se publique e execute o programa. O recoñecemento da “penuria” económica non evitou o despilfarro para festexar a voda da raíña, celebrada o día 10 dese mes. (Para curiosos: nesta data, o 10 de outubro, conmemórase hoxe o Día Internacional da saúde Mental.)

Pero a honorabilidade de Alberto Campero cae en entreditado cando Cipriano Vilariño, veciño de Róo, denuncia en 1850 por estafa e fraude nos sorteos de quintas a D. Xosé de Lastres, que fora home de tan “boa

conduta política e moral”, nomeado secretario por Alberto Campero. Xa o ano anterior da chegada de Campero á alcaldía, é dicir, en 1845, o daquela alcalde de Outes, Tomás Añón, tamén separou das súas funcións ao secretario municipal Ángel Antonio Ferreiro por evasión de capital municipal, o que ilustra a crispación política da época.

Pero Campero volve estar na polémica cando o Pleno do Concello, o 12 de xuño de 1855, en pleno Bienio Progresista de Espartero e baixo a alcaldía de D. Xoaquín Romero, acorda proceder á revisión das contas públicas a fin de averiguar a posible “dilapidación, despilfarro y detención de fondos municipales y libretas cobratorias...”, “...aparecieron indicios de tenerse exigido indebidamente cantidades que obraban en poder de personas sin competencias, asi como algunos sobrantes del premio de cobranzas y algo de lo destinado a caminos, en el poder del que fue Delegado del Distrito, Don Alberto Campero”.

Na segunda etapa conservadora do reinado de Isabel (1856-1868), prodúcese unha alternancia no poder do Estado dos moderados, caracterizados unha vez máis pola corrupción política e o autoritarismo, que marcan o desmoronamento da monarquía (O'Donnell e volta de Narváez).



Sabemos que Alberto Campero vivía en 1864, segundo o *Calendario Anual y Guia de Forasteros de Madrid* dese mesmo ano (estas *Guías de Forasteros* eran publicacións que recomendaban fondas nas que o caseiro e os seus clientes eran da mesma provincia, como O Mesón de La Gallega ou o dos Maragatos, que xa existían no século XVIII).

Vivía en 1864, dicimos, desempeñando o cargo de Delegado do Goberno en Pontevedra no “Depósito de Caballos Padres del Estado”, dependente da Dirección de Agricultura, Industria y Comercio e que xestionaba a cría de cabalos, cuxo *Visitador General* era D. Carlos de Aymerich. Sabemos que neste cargo estivo, cando menos, catro anos, entre 1860 e 1864.

Dous anos máis tarde, o 24 de outubro de 1866, un vello coñecido da familia Campero, que traballara en Noia facendo traballos para o seu coñecido Mapa de Galicia, o ilustre cartógrafo Domingo Fontán, falecía en Cuntis.

Lonxe de facer deste artigo un xuízo sobre Alberto Campero, non cabe dúbida de que estamos diante dun home polémico, que lle tocou vivir nunha época caracterizada polas constantes convulsións políticas, na que o cambio de filiación partidaria, o golpismo e as denuncias de corrupción estiveron presentes día a día no Estado Español. Como se ve, o Concello de Outes non se salvou da queima. E este alcalde tampouco.

Foro do Casal de Pedro Domínguez (III)

Mingucho Campos

O foro determinaba con absoluta minuciosidade lugar, datas (agosto ou setembro de cada ano), onde (nas casas e propiedades que os mosteiros posuían na vila de Noia) e igualmente perante quen se tiñan que facer efectivas as rendas. Mais tamén contemplaba o regulamentado no foro redactado e asinado ante o escriba de número da devandita vila, Pedro Mesura de Ibarra e Caamaño, o 4 de marzo de 1632, no que se determinaba que as rendas non podían minguar no decurso do tempo; senón todo o contrario, iríanse revalorizando co paso do tempo. Os foreiros adquirían a obriga de transmitirlo aos seus fillos e herdeiros para que non coubesen ningunha dúbida ao respecto, así como que ao remate do aforamento tiñan a obriga de deixar libres as propiedades con tódalas melloras nelas realizadas.

Especificábase nidiamente a prohibición dos foreiros e herdeiros de demandar aos mosteiros máis beneficios, mellores condicións polo tempo acordado de duración do foro, nin vender, trocar e enaxenar ningún ben a outra persoa, da condición que fose, sen previa licenza dos responsábeis dos mosteiros. No caso concreto de autorización dalgunha destas operacións a unha terceira persoa, sempre que fose solvente, esta estaría obrigada a satisfacer-las mesmas rendas e ademais, pola súa condición de propietarios, os mosteiros terían o dereito a desconta-la décima parte do total da operación. No caso concreto de non cumprí-los primeiros foreiros con esta cláusula, perderían automaticamente tódolos seus dereitos e as propiedades deixarían de estar aforadas e consideraríanse devoltas aos mosteiros, que daquela poderían volver aforalas.

Tiñan igualmente os foreiros polo contrato asinado a prohibición de repartir parte ningunha das rendas acordadas a persoas eclesiásticas, igrexas, hospitais e outros mosteiros *"por ningunha causa ni razón que sea no obrigarlo a dote ni arras ni a maravedis debidos a Su Majestad..."* a non ser que se garantise o pagamento aos mosteiros das rendas contratadas a pagar por cada un dos anos de duración do foro.

En compensación, os abades e relixiosos dos mosteiros obrigábanse a respectar a completa duración do documento foral e a non arrendarlle e aforarlle a ningunha outra persoa *"por mas ni mejor renta que diere..."*.

No outorgamento e aceptación da escritura atopábanse presentes tódalas foreiras e foreiros, que non asinaron o documento porque non sabían escribir. Si o asinaron o abade e os relixiosos presentes e as testemuñas: Domingo López, veciño de Noia; Juan Paz de Serzon, veciño de san Xoán de Sabardes e Juan Castelo, da freguesía de san Cosme de Outeiro, xunto co escriba Gonzalo Pazos Villar de Francos.

BENS E POSESIÓNS DO MOSTEIRO

Nun número anterior xa teño feito un comentario a xeito de breve resumo sobre a fundación de Toxosoutos sobre as ruínas da ermida adicada aos santos Xusto e Pastor, que era unha posesión do mosteiro de Antealtares, que o seu abade permutara polas posesións que Pedro Crescón (segundo Pedro Fiaño) tiña en San Pedro de Castro. Pedro Crescón (José Ignacio Fernández de Viana chámalle Pedro Crescóniz) doa a ruínosa ermida aos cabaleiros fundadores, Froila Alonso e Pedro Muñoz (ou Muñiz, segundo o libro sobre Toxosoutos publicado por Pedro Fiaño).

Despois da súa fundación, datada no 16 de outubro de 1132, monarcas, nobres, eclesiásticos e moitos propietarios van favorecer ao mosteiro recén fundado con doazóns, mandas (doazóns que se

fan por testamento) e outras prebendas, que pola súa extensión vou deixar para outra achega.

O certo é que Toxosoutos acrecentou de tal xeito o seu patrimonio que se vai converter nun dos mosteiros máis prósperos de Galicia. Farei un breve resumo dos bens rurais localizados en Outes e na súa contorna. Chegou a ter terreos en Cando, Rates, Outeiro, Valadares, Tarás, Roo, Sabardes, Matasueiro, e en San Ourente e Santa María de Entíns. Tamén tivo posesións rurais nos concellos de Lousame, Muros, Mazaricos, Carnota, Negreira, Porto do Son, Noia, Ribeira, Santa Comba, Rois, Rianxo, Vimianzo, Zas...

Igualmente chegou a posuír algunhas igrexas das que vou mencionar, para non alongarme moito, aquelas que estaban ubicadas no concello de Outes, que eran a ermida de Nosa Señora de Ponte Nafonso (parroquia de Cando) e a igrexa de San Martiño de Rates (na parroquia de Outeiro).

Pola bocarribeira tivo tamén posesións en San Xíán de Tarás, Ceilán, Brión de Abaixo, punta da Barquiña, Ponte Nafonso, Mirou... Cómpre salientar que no tocante á navegación e á pesca Toxosoutos topouse cos dereitos xurisdiccionais da vila de Noia, que derivou nun preito entre ámbalas dúas partes pola pesca no río Tambre.

Ao ter tantas propiedades e tan extensas, Toxosoutos viuse na obriga de nomear representantes que se encargasen da administración e cobro das rendas. Nalgúns casos este labor era realizado por mordomos, mais naquelas zonas de maior importancia o mosteiro tiña prioratos. Noia e Muros foron dous burgos elixidos para o asentamento destes prioratos.



Claustro de Toxosoutos

JOSEMA
Seguros

Av. Compostela Nº 12 – Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : segurosjosema@terra.es

GASTRONOMÍA

Polbo con cogomelos (para catro persoas)

Ingredientes:

300 grs. de cogomelos laminados
1.5 kgs. de polbo, aceite de oliva
2 cebolas
2 tomates
Allo
Sal
Pementa Branca
1 Vaso de Viño Branco.

Elaboración:

Nunha paelleira botamos un bo chopo de aceite de oliva cos dentes de allo xa picados. Antes de que douren engadimos a cebola picadiña e minutos máis tarde o tomate. Cando vaia todo refogadiño sumámoslle os cogomelos e mesturamos todo. Salpementamos e despois mollamos todo co viño e a lume forte remexendo sempre para calmalo ao final. Entremetres, nunha pota botamos auga, sal e unha cebola enteira. Cando ferva metemos o polbo en tres tempos e ao repeti-lo fervor cóntase o tempo, sobre 40-45 minutos (en todo caso xa imos picando cun garfo para ver se está brando ou se lle damos uns minutos máis).

Sacar, tallar e mesturar cos cogomelos. Retocar de sal cun tempo de lume e servir.

Xastre.



OPINIÓN

Oposición??... Que oposición?

A nostalxia daqueles plenos cheos de receo, adobados de poder caso plenipotenciario... como de chiste, onde o NON sistemático eran unha constante aínda que a proposta fose boa para o pobo, pero viña da oposición e iso si que NON, de ningunha das maneiras, o pobo era o de menos... Pero dalgunha proposta anos despois aínda quixeron leva-lo mérito, usureiros do poder, había que ser ben mamarrachos para mirarlles aos cidadáns á cara e non sentir nin un mínimo de vergonza... Agora andan moi finos!!

Xa me desvío do tema de hoxe: a "Oposición". Haiche ben, ben anos que o noso concello carece dela, habería que retornar aos tempos de Pérez Villaverde - Xoán García ou AP. vs. BNG, polo menos discutíanse con sangue nas veas as ideas, ata chegar á expulsión ás veces convulsiva do Pte. da Corporación Local, facéndolle os plenos máis amenos ao cidadán que ía velos ademais de tentar sacar algo en limpo de todo aquel cotarro. Dábaselle un traballo extra ao goberno aínda que ás claras non había nada que facer, ao seren sempre maiorías absolutas e absolutistas nas formas e nos feitos. E falamos daqueles anos oitenta-noventa, pois o que é agora resulta hilarante e case un insulto aos cidadáns que representan. Hoxe van aos plenos e a "oposición" parece que vai máis pendente de onde tomarán os viños despois do paripé social que lles toca facer como concellais de turno, que de darlles caña ao goberno, pois oportunidades e temas varios tivéronos e téñemos diante dos ollos, pero... que será será?? De chiste, e todo isto pasa nun concello de caciques de pouca monta, pero caciques, que fan o que lles vén en gana e punto. Oposición... ¿Que oposición?? Manexan o percal e se che parece mal aguántaste (Clero local incluído), que moita felicidade á primeira hora da vitoria e despois tempo ha... cambioulle a cara do revés... Un milagre?... Non... somos así...!!

** Este artigo é adicado a eses "apolíticos" de última hora, de campanilla e crucifijo, que noutros tempos máis ben recentes alardeaban das vitorias... etc. etc...*

Lusco e Fusco

A SACHADORA

criación: Mariana Lago
dibuxos: J. Mallo



Talleres
Abelleira

- ◊ Mecánica
- ◊ Chapa
- ◊ Pintura
- ◊ Reparación de Piezas
- Plásticos y Poliéster del Automóvil

Tel: Fax 961 35 09 01
Móvil 619 35 75 59
Rúa Arce, 40
15200 OLEA

SAUDEGALIZANDO: TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO DENTE A ATENCIÓN PRIMARIA (II)

Dr. José Mª Dios Diz

Os malos tratos psicolóxicos, as negligencias, as agresións e o abuso económico, son os feitos máis frecuentes. O abuso sexual, tamén é habitual.

RECOMENDACIÓNS Á MULLER, NO CASO DE AGRESIÓN SEXUAL:

- Por moi violento que pareza, non ducharse, non asearse, non cambiarse de roupa.
- No caso de felación, evitar a inxestión de líquidos ou alimentos, non limpar os dentes nin enxaugar a boca.

A agresión sexual é un delito, e a muller ten dereito a denuncialo (Lei de Enjuiciamiento Criminal). Analizar con ela as repercusións en saúde física e emocional. Informala de que a lexislación protexe os seus dereitos e integridade e de que se desexa pode solicitar unha orde de protección. Informala da rede de recursos e dispositivos sociais (preferiblemente por escrito) para a atención ás mulleres que sofren situación de violencia de xénero, segundo estean organizados na súa provincia.

RECOMENDACIÓNS PARA A ENTREVISTA CLÍNICA Á MULLER ANTE SOSPEITA DE MALTRATO:

A recomendación de non manter relacións sexuais ata a seguinte valoración.

Ver a muller soa, asegurando a confidencialidade. Observar as actitudes e o estado emocional (a través da linguaxe verbal e non verbal). Facilitar a expresión de sentimentos. Manter unha actitude de empatía, que facilite a comunicación, cunha escoita activa. Entrevistar a muller mediante preguntas que faciliten a súa expresión emocional para detectar a posible situación de violencia da muller, seguindo unha secuencia lóxica de preguntas máis xerais e indirectas a outras máis concretas e directas.

Expresar claramente que nunca está xustificada a violencia nas relacións humanas. No caso de que o recoñeza: facerlle sentir á muller que non é culpable da situación de violencia que sofre.

Crer muller, sen poñer en dúbida a interpretación dos feitos, sen emitir xuízos, intentando quitarlle medo á revelación do abuso. Axudarlle a pensar, a ordenar as súas ideas e apoiándoa na toma de decisións.

Avaliar con ela os posibles riscos da súa situación. NON dar a impresión de que todo se vai arranxar facilmente. NON dar falsas esperanzas. NON criticar a actitude ou a ausencia de resposta da muller con frases como: «Por que segue con el? Se vostede quixese acabar, iríase...».

NON menosprezar a sensación de perigo expresada pola muller. NON recomendar terapia de parella nin mediación familiar. NON prescribir fármacos que diminúan a capacidade de reacción da muller. Unha das cuestións máis importantes é NON utilizar unha actitude paternal/maternal. Non impoñer criterios ou decisións.



ASÍ SI



Decisión acertada a de pintar os espazos preto dos cruces problemáticos. Precaución.

ASÍ NON



¿Como pode permitirse tal falta de respeto, tal ousadía? E sen un toque de atención!! Desidia..

ASÍ TAMPOUCO



¿Cantos meses máis haberá que esperar para non vela tan sioña, abandonada a sorte das autoridades competentes ?. ¿Cantos..?

O Outes, F.C.

Campión da Copa da Costa en 1977



Logo dunha gran campaña na competición, o Outes e a Esteirana chegaron á final. No Campo do Bosque houbera unha entrada ata a bandeira para presenciar aquel 2-0 para o Outes. O día "D" chegou, o 19 de xullo, e a expedición outense logo de xantar no Freixo na de Gelucho, vive os últimos momentos antes do partido paseando pola praia de Broña. Como os grandes.

Caravanas de coches cheos saen desde A Serra para presenciar o segundo partido da final no Artón. Outro cheo espectacular destacado nas páxinas de La Voz de Galicia: "...máis de cuatro mil personas que enarbolaban pancartas y banderas de los equipos, así como alguna bandera gallega...", que tamén destaca que o partido foi moi competido e no que predominou a deportividade.

Polo Outes aliñaron: Pájaro, Benavente, Tajés, Andrés, Paco, Alejandro, Rodri, Carballo, Eduardo, Campos e Manolito. Pola súa banda a Esteirana mandou ao campo a Emeterio, José María, Tono, Blanquiño, Luis Casal, Currucho, Veloso, Dominguiños, Paquiño, Manolo Casal e Ricolo.

Na segunda parte Quintela substitúe a Manolito no Outes e Sarmiento a Paquiño nos locais.

Quizais o fallo dun penalti de Paquiño na primeira parte fose decisivo. O caso foi que, logo dun gol de Dominguiños no minuto dez da segunda parte, Eduardo empata 15 minutos máis tarde. A gloria para o Outes apareceu co extraordinario golazo de Carballo logo dunha "espléndida jugada personal, de tiro cruzado haciendo inútil la estirada de Emeterio -la figura de la Esteirana-...", comentouse na prensa.

Paco lembra aquel encontro cunha mestura agradoce: "Foi sensacional, pois os xogadores e seareiros recompénsáronme levándome ao lombo ao final do partido, pero foi unha xornada triste tamén para min, pois un xogador do Outes -penso que dos mellores que deu esta canteira- non puido estar presente por desgraza...", referíndose ao entrañable Barbazán, que falecera un ano antes en Palma de Mallorca. "Aquel minuto de silencio na súa honra antes de comezar foi moi emotivo", dinos.

Lembramos tamén aquel partido co saque de honra -e de despedida definitiva- de Mariño, gran xogador da Esteirana, que se viu forzado a deixar o fútbol logo dunha gravísima lesión xogando contra o F.C. Finisterre.

Ao remate do encontro o Sr. Guillín, en representación da Federación Galega de Fútbol fai entrega da Copa da Costa ao capitán do Outes, Eduardo. Ademais, o Outes recibiu outro trofeo doado pola Caja de Ahorros de Santiago, de mans do Sr. Hermida, delegado desa entidade.



Final da Copa da Costa 1977

Esteirana S.D.-Outes F.C. Mariño, con muletas, despídese do fútbol.

Francisco Calo: "O deporte educa per

Paco Calo empregou os mellores anos da súa vida no fútbol en Outes, especialmente para os máis novos. Unha referencia indiscutible no fútbol da Costa.

Os comezos

Nos anos 50 non había televisión, polo que nos preguntamos onde viu o seu primeiro partido, e Paco fai memoria: "*Foi no vello Campo do Areal, era eu moi cativo, e só lembro naquel partido a Paco Lavera como porteiro e Juan do Moreno de defensa..., habería que ver como xogarian hoxe...*" -coméntanos cun sorriso que compartimos-, e explica que tamén recorda con emoción o seu primeiro encontro como xogador dos xuvenís do Noia, no Campo de San Alberto, xunto cos seus compañeiros de Outes Turnes e Nolete: "*O resto eran de Porto do Son e de Lousame na súa maioría, de Noia eran poucos xogadores*".

Afección e moita carretera

Había afección e vocación e, sobre todo, moita carretera. Case un medio ou xeito de vida. Nada daquilo ten que ver co de hoxe. Os medios eran os que lle proporcionaban o amor ao fútbol e o compañeirismo daqueles futbolistas: "*A Fisterra, a Malpica, a Carnota, a Carballo, Ponteceso, Santa Comba...*", "*en coches particulares acompañados e escoltados por unha inmensa caravana de seareiros, que saían ás veces ás dúas da tarde para estar puntuais no estadio do rival. Daquela si que se suaba a camiseta.*"

E pensamos nós que tanta carretera puidera influír na decisión de montar hai xa moitos anos unha



soas para a vida”

“Academia de Condutores”, como el gusta dicir, que aínda rexenta. Eran claro, anos difíciles, e como mostra un botón: *“Mira ti, que cando xogabamos na Serra non había duchas, e en pleno inverno e con choiva, tiñamos que ir ao río lavarnos e cambiarnos. ¡Utilizabamos xabón Lagarto, claro! Aínda así, había moita solidariedade e colaboración dos seareiros, que aportaban o que podían”*.

Daquela época garda como un tesouro a súa entrada no Estadio de Riazor, coa camiseta do Negreira, para enfrontarse ao Deportivo B.

Na Costa houbo moita afección e, como non podía ser doutro xeito, saíron nomes de xogadores para a historia: Manín, Tajés, Miculita, Andrés, Carballo, José Luis, Salle... e Paco engade: *“E Cartagena, e Barbazán, e Dominguiños, os irmáns Casal... eu que sei! Houbo ducias de grandes xogadores”*.

O futuro do fútbol en Outes

Queremos coñecer a súa opinión sobre o “parón” de sete anos que sufriu este deporte no Concello e como evolucionará de aquí en diante, e coméntanos que só agarda que non volva suceder o que sucedeu, que non haxa tanto tempo sen fútbol, pois segundo el: *“O deporte educa para a vida. Máis que un grande deportista, débese priorizar o tentar facer grandes persoas,*

nas que a honra e a nobreza sexan o seu estilo, no deporte e na sociedade. O deporte é saúde, e débese practicar en beneficio dun mesmo e de cada un dos demais”.

E nós tamén agardamos que se cumpran os desexos deste veciño, aínda que ben sabemos que quizais neste caso, algún tempo pasado foi mellor.

De xogador a adestrador. O “orgullo” outense.

O seu paso como xogador do Outes F.C. foi memorable nos vellos tempos da camiseta granate, e entregouse a fondo no deporte rei ata que os anos llo permitiron. Pero Paco Calo non colga as botas e continúa presente nos campos, agora como adestrador (agora si entendemos a vocación docente de Calo) do equipo local do que formara parte, para espetarnos que a bandeira e o “orgullo” outense ocuparon o máis alto naquel domingo contra da S.D. Esteirana. Efectivamente, aquel fútbol semellaba saído dalgunha academia. Da academia da deportividade, do sacrificio e do voluntarismo.

Daquela os campos enchíanse... “Si, efectivamente, desde hai anos os campos non se enchen coma antes, pois a televisión fundamentalmente, outras forma de ocio, e a suma doutros factores complexos como a perda de certos valores, non axudaron nada. Nos anos sesenta, setenta e parte dos oitenta, aínda daba gusto ver as gradas cheas. Logo veu o que veu”.

Tamén recorda con ledicia a participación dos xuvenís do Outes na fase de ascenso á Liga Galega de Xuvenís, contra do Imperátor en 1984: “Os nosos rapaces, sen complexos e con autoridade deron un recital de fútbol nos dous encontros, tanto na Coruña coma no Cunchido. Foi a mellor que dirixín: Porteiros (Óscar, Tito e tono), Defensas (Rúa, Fran, Fornís, Caio e Tuñas), Medios (Fernando, Pedrosa, Carlos, Blanco e José Antonio), Dianteiros (Especht, Javier, Juan Domingo, Lado Guillermo e Rume)”.



Outes F.C. de xuvenís. Campión da Liga da Costa de Xuvenís (1983-84).

Arriba: Fran Campos, Guillermo Tuñas, Lolo Blanco, Caio Figueiras, Nando Cambeiro, Pibe (José M. Tuñas), Antonio Rúa e Óscar Lema.

Abaixo: Antonio Especht, Carlos García, Juan Domingo Caamaño, Antonio Pedrosa, Enrique Fornís, José Lago e Tono Caamaño.

POEMAS**CUMPREANOS**

Naciches un dezasete,
Un dezasete de maio,
Naciches no mes das flores,
Non poderei olvidalo.

Que pases un moi bo día,
Día do teu cumpreanos,
Pásao ben coa familia,
Iso é o que desexamos.

Outes, 6 de maio de 2008
Gerardo

UNHA ESTRELA QUE ME ALUMEA

Fermosa estrela
¿Es ti quen me alumea?
¿Es ti quen me fai xurdir ideas?
¡Si, es ti, fermosa estrela!

Quen, co teu resplendor
Dende o alto do firmamento,
Fas que eu pense un momento,
Que escriba o que levo dentro.

Grazas por me alumear,
Grazas por axudarme a pensar,
¿Como che vou a pagar?
¡Como me vas a cobrar!

Cando deixes de me alumear,
Deixarei de traballar. (Respirar)

Outes, 26 de maio de 2008
Gerardo

Lecturas recomendadas***55 mentiras sobre a lingua galega***


Xosé-Henrique Costas (coordinador)

Ed. Laiovento, 2010

500 anos de “doma e castración”; tempo abondo. Ende mal aínda debemos escoitar que non, que non houbo imposición histórica do castelán, que o galego, amais de non ser útil, é unha lingua de laboratorio e que se está a cambiar a súa normativa de xeito continuo. Estes son só algúns exemplos. Malia que non sexan certas, as mentiras, cando son repetidas unha e outra vez, rematan por callar na nosa cerna até mesmo semellar ser verdadeiras. Mentiras. Mentiras nadas do desprezo; xurdidas dunha ideoloxía, autoritaria, uniformista e centralista que desprende o cheiro inconfundible do odio; artelladas co fin de esmagar o que o noso idioma representa.

Magoar a dignidade da nosa lingua é magoar a nosa dignidade, é magoarnos a Nós. “55 mentiras sobre a lingua galega” é a forza da razón e da palabra, un libro concibido como antídoto; unha obra escrita coa finalidade de fornecernos dunha ferramenta coa que calquera de nós, nai ou

fillo, mariscadora ou mestre, alén da nosa formación ou idade, poidamos defendernos e defender a nosa lingua, o máis prezado dos nosos bens inmateriais, a nosa sinal de identidade e o noso orgullo, aquel ao que Valentín Lamas Carvajal chamara o falar das fadas. Nas súas páxinas débúllase e desmóntase cada mentira, cada falacia, cada prexuízo, cada falsidade –recompílanse 55 pero poderían ser moitas máis–, e contéstanse con argumentos simples e amenos, rigorosos e contundentes: “O castelán non é a lingua natural de Galicia, aínda que sexa cooficial. O inglés é lingua cooficial en Tanzania e a ninguén se lle ocorre dicir que o inglés sexa tan tanzano como o swahili, lingua maioritaria, autóctona e cooficial nese estado africano”.



Estamos ante un traballo realizado en man común por unha ducia de colaboradores, coordinado por Xosé-Henrique Costas, director da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e editado por Laiovento. Á súa presentación, feita de xeito simultáneo o pasado venres 5 de febreiro en 70 vilas e cidades, tanto do país como de alén das nosas fronteiras, asistiron unhas cinco mil persoas; un fito histórico. Detrás da súa publicación está a asociación Prolingua, unha plataforma cidadá –presentada ao público o pasado mes de outubro na facultade de Filoloxía de Santiago– que no seu manifesto fundacional se define como apartidaria e “que ten como obxectivo exclusivo a promoción do galego como lingua propia de Galicia”.

Folga Xeral contra da historia Nº 2. (NOVONEYRA REVISITADO)

Ramón Blanco

Volve estar Uxío Novoneyra de actualidade con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas. Xa pasa dos dez anos da súa morte (30 de outubro de 1999), o tempo preceptivo durante o cal os nosos escritores dormen no limbo da eternidade ata seren despertados, devoltos á vida literaria (tan irreal coma calquera outra) por espazo duns meses, antes do definitivo esquecemento xeral.


Eu quixen volver sobre un texto que publicara n'A *Caramuxa* (Nº 1 —en realidade xa o terceiro— “Outono, 1999”), dentro dun especial dedicado ao poeta, que viña de falecer. Daquela eu sempre poñía a data de redacción ao final de todo canto publicaba: “Novembro ‘99”. O texto é un conxunto de reflexións impresionistas, tan pleno de admiración por un autor e unha obra como de torpezas estilísticas. O único perdurable daquel escrito quizais sexa a anécdota dunha errata: como eu escribía a man, o amigo Manolo do Río encargouse de transcribir no ordenador a miña pésima letra, e na cita textual dos versos fonosimbólicos “baixa o lobo polo ollo do bosco/ como un sono...” o “sono” (que igual debería ser “soño”) acabou sendo un “zorro”, o cal non deixa de ter unha graza que daquela non souben ver. Naquel mesmo número tamén se incluía: un texto que escribira o poeta Manuel L. Rodrigues, en nome do Colectivo Sacou; a reprodución dun díptico, repartido nun recital que Novoneyra viñera dar a Noia o 21 de marzo de 1997, cunha foto e breve biografía, seguidos de oito poemas dun só verso, onde pode verse o autógrafo que —a petición de Xoán Fernández, na Tasca Típica— lle dedicou ao Grupo Avilés (xermolo de Sacou); un artigo de Xavier Castro (profesor do noso Virxe do Mar, mestre do noso corazón) titulado “Uxío Novoneyra alicerce poético deste medio século”; e mais unha reducida selección de poemas breves.

Por iso remexín estes días entre papeis que xa van indo algo avellentados. Polas mans, polos ollos e pola memoria foron pasando páxinas da pequena historia da miña mocidade, dos meus compañeiros naquel colectivo literario que loitaba na “defensa e promoción” (con moito garbo, si) da cultura galega. Tardei tempo en encontrar a colección completa dos números da revista que facíamos os de Sacou, pero non demorei nada en atopar o manuscrito que titulara “FOLGA XERAL CONTRA DA HISTORIA”, en homenaxe ao libro homónimo, que, co subtítulo *Do Courel a Compostela*, lle publicara Sotelo Blanco Edicións en 1988. Tamén sabía (souben todos estes anos) o lugar exacto dos andeis onde foi repousando o libro, o cal tamén ten unha pequena historia, que vou contar.

Con motivo da inauguración do IES “Poeta Añón”, Pilar Sampedro, a

directora, convidounos a min e a Daniel García Dosil (“Fly”, con quen aprendín a escribir poesía) a dar un recital no novo edificio educativo. Como mostra de agradecemento Pilar agasalounos con senllos exemplares de dito libro, dedicados polo autor. Alegrounos saber que Novoneyra se interesara por nós, dous “poetas” moi novos, cando ela lle dera noticia do recital que tería lugar. Non podendo vir aquel día para darnos os libros en persoa —se non lembro mal, por estar en Madrid tratándose da enfermidade que o acabaría vencendo—, deullos a Pili Sampedro, coa esperanza de que nos coñecésemos en breve. Mais nunca puido ser; pasounos diante a morte.

Abro o libro e leo a dedicatoria. Só pon “Pra Ramón Blanco Fdez. Uxío Novoneyra. Compostela, mar[zo] 28. 1999”, pero pon moito. A cuberta do libro xa empeza a estar gastada e envellecida, pero o manuscrito de Novoneyra no interior segue a ter a forza telúrica dos seus poemas caligráficos. A man apretou con forza o bolígrafo contra o papel; a caligrafía quedou calcada na páxina seguinte, como renunciando a extinguirse. Tampouco se extingue a noite de novembro na que escribín aquelas palabras xa para sempre sen resposta. Podo verme tal como era naquel intre, naquel cuarto de estudante en Compostela, que xa non volve. Mais hoxe, cando elaboro este artigo, volve ser marzo, como naquel recital de 1997, coma naquel agasallo de 1999, e podo por fin regresar ao meu vello texto para repetir que “É bo lembrar de vez en cando que “Os que así nos tein, só tein de noso os nosos nomes no censo”. E con isto debería bastar.



Depuradora de Mariscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

Unha viaxe á Atenas clásica (II)

Manuel L. Rodrigues

O seguinte paso no noso coñecemento de Atenas pasa por avanzar a través do tempo. Estamos na época na que Roma xa tiña baixo o xugo do seu imperio as cidades estado de Grecia.

Seguindo a marea de turistas chegamos até a **Ágora Romana**, onde se atopa a impresionante **Torre dos Ventos**.

Torre dos Ventos



Cóntase que é posíbel que, dentro desta fermosa edificación, Sócrates pasase os últimos días da súa vida antes de beber a cicuta. Foi construída polo astrónomo sirio Andronikos Kyrrestes, como reloxo de auga e veleta. A construción ten un curioso friso onde se representan os oito ventos con relevos mitolóxicos. A súa observación interior foi imposible por atoparse (cómpre dicilo?) en obras.

Virando a cabeza podemos ollar os restos da Ágora Romana; cimentos de edificios e as columnas (moito máis toscas que as gregas) da Stoa. Dentro da Ágora en cuestión, que, por certo, está situada entre o Barrio Monastiráki e a Rocha da Acrópole, atópase a **Mesquita Fethiye**, construída polos Turcos a finais do século XV para celebrar a visita de Mehmet o Conquistador de Atenas. Aínda que (disque) foi restaurada, presenta un estado deplorable.

Moi perto da Ágora Romana sitúase a chamada "**Ancient Ágora**" ou Ágora Grega, moito máis antiga que a anterior. Percorremos o límite do barrio de Monastiraki; ollamos algunha casa (con lagartos pintados), que nos introduce

nunha Atenas máis moderna. Aíña divisamos as vías de ferrocarril e, no fondo, a **Stoa de Attalos**, situada nun extremo da Ágora, completamente reconstruída, e albergando hoxe un fermoso museo cos restos arqueolóxicos atopados no mesmo foro. O edificio columnado é do século II a.C.

Accedemos ao recinto a través da Vía Panatenaica, que debe o seu nome ao grande **Festival das Panateneas** que se celebraba cada catro anos cunha subida até a Acrópole (o **friso do Partenón** de Fidias reflicte dita "procesión").

Outras cousas dignas de ser mencionadas son a **Igrexa Ayios Thomas**, completamente en ruínas, e moi pertiño do Foro. Dentro do mesmo os restos do **Templo Monópteros** (interesante a súa planta en forma de círculo), a "**Plataforma dos oradores**", columnas que se poden ollar nas fotos da Stoa central e o pouquísimo que queda do grandioso **Odeón de Agripa** (un dos **tritóns** -150 d.C.- atópase no interior do museo, aínda que a nosa mala xestión do tempo -e descoido- fai que a pasemos por alto).

Así mesmo, temos a oportunidade de observar **Cerámica xeométrica**, diversos bustos (algúns arcaicos), un **Escudo espartano**, algúns **lekythos** (vaso funerario), e unha fermosísima reprodución do **Hércules Farnesio**.

No alto da Ancient Ágora, maxestuoso, atópase o **Hefesteón**, tamén coñecido como Teseón. Trátase dun edificio da época de Pericles (449-440 aC) que se atopa nun óptimo estado de conservación. Estamos ante un templo exastilo (seis columnas á fronte), de orde dórica... Cómpre salientar o magnífico friso que, abofé, sorprende a todos os que diriximos a vista cara ao alto. Tras ter diante nosa a derradeira construción do Foro grego, procedemos a abandonar o recinto, non sen antes dar un paseo entre as estelas funerarias que se expoñen e as ruínas de diversas casas da época.

Dirixímonos agora cara ao **Kerameikós**, entre unha multitude de turistas que atravesan o mercado de Monastiraki. O antigo cemiterio data do século XII a.C. A Vía Sagrada ía desde Eleusis, e a Panatenaica desde a porta Dípylon á Acrópole. Case todas as tumbas que se conservan están na chamada (loxicamente) Rúa das Tumbas. As esculturas achadas a principios do s. XX fican todas no **Museo Arqueolóxico Nacional** e no **Museo Oberlander** (situado no mesmo recinto pero pechado no intre da nosa visita).

No medio do barrio de Monastiraki atópase a **Biblioteca de Adriano**, construída nos anos seguintes ao 132 d.C. Cos seus 122 metros de longo por 82 de ancho, e tamén chamada "Biblioteca das Cen Columns", é o maior edificio público erguido polo emperador Adriano en Atenas. A entrada principal deste conxunto arquitectónico situado na



Biblioteca de Adriano


Ágora Romana, no centro do muro oeste, fica encadrada por dúas columnas "in antis" e estaba precedida por un propileo con catro columnas corintias (en restauración na actualidade) e con sete columnas a un e outro lado. As paredes laterais abarcaban tres "exedras" anchas, no centro rectangulares e semicirculares a cada lado. A biblioteca en si atopábase ao este do plano cadrangular. Os teitos, segundo Pausanias, estarían fabricados en alabastro decorado con ouro.

Unha das igrexas bizantinas máis atraentes é a **Panagía Gorgoeipikoös**, un templo de planta cruciforme e abovedado. Construído con mármore pentélico (como o Partenón) que foi collendo certo ton amarelo co tempo. A construción data do século XII e mide soamente 7,5 metros de longo por 12 de ancho. Este pequeno tamaño corresponde á escala da Atenas do século XII, que entón non era máis ca unha vila. Adornada con frisos e baixorrelievos de edificios anteriores, o exterior é unha curiosa mestura de estilos clásico e bizantino. Aínda que está dedicada á Virxe que responde axiña ás pregarías e a Agios Elefthérios (o santo que protexe á muller do parto). Afectuosamente acostuma ser coñecida en Atenas por Mikrí Mitrópoli (a pequena catedral). Unha das cousas que máis nos chama a atención, alén da súa inmensa beleza, é o

lintel; un relevo cos meses do ano que data do século IV a.C. ...e é que coido que a miña teima clásica é facilmente descuberta. Lembra que nos atopamos na época de Pericles e, por tanto, no intre en que foi construída a Acrópole. Non podo evitar sentir mágoa (supoño que inxusta mágoa) ao comprobar que no centro do lintel aparece unha cruz engadida no século XII, é de supoñer que no intre da construción da igrexa.

Blog do Autor:

<http://www.manuellrodrigues.blogspot.com>



Igrexa de Panagía Gorgoeipikoös



Meson
O' Candil

C/ José Antonio
Teléf. 981 85 03 79

SERRA da OUTES

As categorías dos nosos parlamentarios

Kiko Vidal

Cando un escribe sobor de temas de actualidade, ten que ter moita sorte para que o que está escribindo non deixe de ser de actualidade no momento en que lle chegue ao lector. Eu non tiven esa sorte en relación co artigo publicado no último número da nosa revista. Nel falaba de que na Serra pechaban varios bares, e dende entón, xa abriron algúns e aínda, sempre segundo conversas de taberna, van abrir outros locais de ocio e restauración. Que así sexa, e dende esta tribuna quero enviarlle aos empresarios que escomezan esa nova aventura empresarial os meus maiores desexos de éxito.

Pero non podo deixar de falar deste tema sen facervos partícipes dunha dúbida que me asalta: ¿forman parte esas aperturas dos “brotes verdes” tan desexados polos

nosos dirixentes políticos?, ou polo contrario ¿son esas aperturas o resultado de “negros rebrotes” da crise? Dito doutro modo, ¿esa xente abreu o bar para gañar diñeiro ou abreu o bar ante a falta de alternativas laborais derivadas da maltida pandemia do paro? Sexa como sexa, sempre é máis agradable falar dalgo que nace que algo que morre.

No último artigo tamén contei unha mentira, nembargantes, aínda non sei hoxe se algún lector se decatou dela. Se a sabedes, espero que mo digades.

Aclarados estes aspectos do artigo anterior, hoxe toca falar doutro tema de actualidade. Quero falar hoxe do asunto dos cartos que os membros do parlamento galego cobran por desprazamentos. Refírome ás noticias que están saíndo na prensa neste mes de febreiro –data na que estou escribindo este artigo– onde contan que os parlamentarios cobran, segundo a distancia que separe Santiago do seu teórico

domicilio, unhas cantidades nada despreciables a modo de compensación por tales desprazamentos, con independencia de cal sexa o seu domicilio real ou a realidade do gasto. Deste tema quero falar, pois, partindo del, podemos clasificar os parlamentarios no noso país en diversas categorías. Alá van:



1ª Categoría: Os Honrados. Serían aqueles que, sabendo como era o funcionamento do asunto e tendo dúas casas, unha en Santiago e outra noutro lugar afastado, sinalaron Santiago como o seu domicilio. Falo desta categoría en primeiro termo, pois se non seguro que a acabaría esquecendo, xa que hai quen di que é unha categoría en perigo de extinción e outros din que nunca existiu.

2ª Categoría: Os Burros. Serían aqueles que tamén teñen dúas casas, como os honrados pero como non coñecían o



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

funcionamento do asunto, apuntaron como domicilio a casa que está máis preto de Santiago.

3ª Categoría: Os Burros de todo: Son aqueles que tamén teñen dúas casas, non son honrados, coñecían o funcionamento do asunto, e aínda así, puxeron como domicilio Santiago.

4ª Categoría: Os Vagos: Son aqueles que teñen dúas casas fóra de Santiago, e apuntan como o seu domicilio aquela sita no lugar máis cercano a Santiago, polo traballo que daba mirar no mapa cal quedaba máis lonxe.

5ª Categoría: Os Vagos con sorte: Realmente, esta é unha subcategoría dos vagos, pero por sorte apuntaron o lugar que quedaba máis lonxe (iso si, sen mirar).

6ª Categoría: Os que só teñen unha casa. Nesta categoría acostuman estar englobados moi pouco tempo.

7ª Categoría: Os que non teñen casa. Realmente son unha mestura entre honrados, burros, burros de todo e vagos sen sorte.

8ª Categoría: A Boa Xente. Serían aqueles que, tendo dereito a coche oficial trasladan nel o compañeiro para que este, con todo o que cobra por quilómetros, poida facer moitas casas. E digo que é boa xente, pois non lle pide nada a cambio ao compañeiro ¿ou tal vez si?

9ª Categoría: Os Ilusos. Serían aqueles que viaxan de morro nun coche oficial que non lles corresponde pensando que é gratis, e ao final teñen que pagarlle unha casa ao “Boa Xente” de turno.

10ª Categoría: Os Listos. Serían aqueles que fan a casa o máis lonxe posible de Santiago.

11ª Categoría: Os que están por estar. Son aqueles que por non saber, non saben nin se teñen casa nin onde está Santiago. Agora ben, se teñen oportunidade gústalles viaxar cun Boa Xente.

Aínda que me veñen outras á mente, coido que estas categorías permitirían encadrar a calquera dos nosos parlamentarios. Persoalmente dáme vergoña que cousas destas poidan pasar, pero por esas cousas así nos vai. O parlamento tiña que publicar unha nota de prensa co nome, apelidos e cantidades cobradas de máis polos parlamentarios que cobraron indebidamente, e estes devolver de inmediato ditos importes. Sentírame moi ledo se no momento de que se publique o artigo esas cantidades xa fosen devoltas e, por suposto, empregadas en restaurar o Muíño de Grabel (e se pode ser, tamén o da Boela, pois como este muíño é meu, eu que son de Santiago, se un día son parlamentario, fixo a residencia no muíño –algo tiña que aprender dos nosos parlamentarios actuais–).

...como un lóstrego os campos cruzou...

Manuel do Río

Entre os escasos efectos positivos que deitou sobor de nós a crise que nos afecta está a freada en seco da especulación inmobiliaria, co ronsel destrutivo e desagradábel das súas moles de cemento armado. Non tan súbito chegou esta auga de maio como para frear de todo as primeiras cicatrices e manchas calcinadas da súa man tenebrosa: velaí a ponte sen sentido que partiu Rates en dous coma un novo muro de Berlín e que arrasou cunha zona supostamente protexida pola inclusión na Rede Natura, e que só funcionará a maior gloria de turistas e veraneantes, e como pulo para aínda máis das tristes torres de formigón o máis perto posíbel de praia e autovía. Polo de agora, o soño rematou, aínda que máis ben deberíamos dicir pesadelo, pois sobre a riqueza privada da construción ía erguéndose, nun terrible simulacro da aniquilada costa Mediterránea, a miseria pública das paisaxes luxadas de modo irrecuperábel e unha destrución ecolóxica moito máis grande (e máis grave) do que a paisaxística. Co estourido da burbulla gañamos algo de tempo para mobilizar forzas e recursos, mais non nos enganemos: do mesmo xeito que as pontes proseguen co tendido (e dentro de pouco, afectando tamén á veciña Noia), as perspectivas futuras de recuperación van tecendo un veo de noite e néboa cun sorriso avarento, de media lúa no centro: sorriso dos especuladores que fregan as mans ante a chegada da autovía de Brión-Santiago e a posibilidade de repetir os 'pelotazos', recrear Bertamiráns nas nosas costas coma un inmenso sartego gris de material pretensado.

Ben sabido é que unha das maiores eivas do capitalismo é a súa miopía sistémica: centrado no beneficio e na perspectiva do individuo, non é quen de escaravellar niso que os economistas chaman as 'externalidades', os efectos dificilmente medíbeis máis claramente perxudiciais que o éxito privado pode xerar para a colectividade: cousas como a polución, o feísmo, a orxía publicitaria que ofende os ollos e que rima coa ofensa das canteiras ao aire libre ou as interminábeis ringleiras de eucaliptos e termiteiras humanas de ínfima calidade. No momento da maior crise do sistema dende o crack do 29, tanto máis necesario se fai dar comezo dende tódalas esferas (local, autonómica, estatal, global) a unha crítica implacábel e a unha loita que impida, tralos derradeiros arrotos da crise, unha volta a empezar na casíña de partida. Non valen xogos da Oca ou partidas de parchís: faise necesario mudar o xogo e o taboleiro. Cambiar as regras, e non volver tropezar na mesma pedra (un pésimo costume recorrente no que o ser humano se fai merecedor de tódolos trofeos por recaída).

O lóstrego 'desarrollista' leva cantando cantos de serea dende hai máis de douscentos anos, equiparando toda obra e construción como un ben absoluto. As miles de casas abandonadas –nas máis das veces, estruturas cun pésimo gusto e unha pobreza de materiais e de deseño realmente apavorante– son espectros mudos e acusadores do diñeiro doado e da falta de atención ás realidades humanas. Na península construíase nestes últimos anos máis que en todo o continente europeo xunto. Era o modelo 'Florida' (collendo o símil do modo de vida do estado homónimo dos EEUU): a península como grande balneario e lugar de vacacións/xubilacións para a totalidade do continente europeo. Tocados o turismo e a construción, é hora tamén de cuestionar se o noso futuro produtivo pode (máis ben: debe) buscar outras alternativas para o futuro, alternativas sustentábeis co ben común e co equilibrio ecolóxico, estético e ambiental do noso país. A volta atrás a un modelo que fracasou máis que pode renacer coma unha tóxica e pestilente ave fénix de chapapote, vertedoiro e tixolo con ás de diñeiro negro e economía sumerxida é o noso inimigo: controlar e atacar virulentamente tódolos abusos e recaladas que cabe esperar dos especuladores e dos seus ben mercados títeres e marionetas na esfera da política é un imperativo categórico que non podemos deixar de realizar. Eis a nosa orde do día; eis o lóstrego que debe cruzar as nosas mentes, e non as navalladas das obras innecesarias e suxas.

A Galiza (de Añón) por sempre renegada (I)

Ramón Blanco

As boas xentes do noso querido curruncho aínda recordan as necias palabras, dunha persoa que se dedica á política (no sentido máis pexorativo do termo), coas que se volveron abrir vellas feridas. Como ben saben, nada novo baixo o sol, nin sequera o que agora lles imos contar.

O menosprezo xeralizado de Galiza, da súa lingua e dos seus habitantes foi recorrente desde o período histórico que coñecemos como Antigo Réxime. O centralismo lingüístico castelán foise impondo, tamén aquí, desde o século XV, paralelo á súa emerxente aventura colonial. A aldraxe e a burla contra o noso, por xente doutras terras, acabou mesmo sendo asumida por moitos oriúndos (aquilo que chamamos “autoodio”, que tan ben denunciaria o Padre Sarmiento). O profesor noiés Ramón Mariño Paz, lémbraunos na súa *Historia da lingua galega* que o cura de Fruíme (Lousame), Diego Antonio de Cernadas y Castro, deixou escrito que “En Castilla ya lo he visto hacer, llamarle á uno Gallego como por oprobio, pero allá no me hacía eso fuerza, porque ya sé que este género de zumba de Nación á Nación es muy regular. Pero que entre Vmds. mismos se lo llame uno á otro por ironía, ó por modo de afrenta, es cosa que me asombra”.

Ben nos recorda Mariño Paz como o “tordo biscaíño” dicía en *El búho gallego con las demás aves de España haciendo Corte* que o noso moucho estaba “criado en las montañas y cavernas de Galicia, tan tosco en su modo de orar que no tiene palabra bien sonante ni pensamiento que a cosa de valor aspire”. Aínda que lles poida parecer un recorte da prensa actual, trátase dun libríño escrito en 1620 (impreso quizais poucos anos despois; Manuel Murguía incluírao nas páxinas 70-78 da súa *Antología gallega* (1862) como *Historia del buho o historia del diputado gallego con las demás provincias de España*) por Pedro Fernández de Castro, coa intención de facer apoloxía de Galiza e da súa nobreza contra os ataques espúreos; non en van o autor era o sétimo conde de Lemos, a quen Cervantes dedica a segunda parte do *Quixote*, como pode verse na portada orixinal de 1615, onde figura a longa lista

de títulos nobiliarios e cargos políticos de Fernández de Castro. O argumento é sinxelo: amparadas pola “agua austríaca” reúnense á beira do Manzanares varias aves, representando cadanseu pobo peninsular, por ver cal é a mellor das patrias, disputa da que sairá vitorioso o moucho, como boa ave de Minerva.

Mais era tarefa imposible atallar un dos tópicos recorrentes da literatura española do Século de Ouro: a sátira do galego, “presentado como pobre, avaro, falso, inconstante, borracho e porco e, en caso de ser muller, fea e desamañada por riba.”, escribe Mariño Paz antes de referirse a aquel “antes puto que gallego”, refrán ao que poderíamos engadir, por exemplo, a copla popular que Xavier A. Olariaga usa como cita do seu poema “BERRO”: “Dizen que ha muerto un gallego, ojalá murieran veinte, cuantos más gallegos mueran, más pellejo p’al azeite”.

Esta imaxe desprezativa dos galegos explicaa de xeito simple e ilustrativo Herrero García (*Ideas de los españoles del siglo XVII*, 1966), citado por Ramón Mariño: “La servidumbre toda de Madrid se alimentaba de Galicia. Un ejército de lacayos, esportilleros, aguadores, ganapanes y fregonas trasponía anualmente la Cruz del Ferro y desembocaba en la corte. Y en la corte se fraguaba la literatura principalmente (...)”. Deste xeito, sen contar numerosos poemas e panfletos, xunto con pezas teatrais castelás como *Mari Hernández, la gallega* de Tirso de Molina (e o *Entremés de los gallegos*, do s.

XVII, ou *Entremés del gallego*, do XVIII, etc.), podemos citar entremeses portugueses onde tamén eramos satirizados: *Galego Surdo*, *O Galego lorpa* e *os tolineiros*, *Os Dois Galegos políticos*. Tamén é sabido que galegos foran moitos dos augadores en Portugal.

E paramos por agora, que falar de augadores, aínda sen empezar a falar de Añón, deunos sede. Sorte que vemos vir a “El aguador de Sevilla”, que pintou Velázquez en 1620, o mesmo ano no que fora escrito *El búho gallego*. De Francisco Añón, Portugal e Sevilla teremos que falar na próxima entrega. Beban auga, que é máis sá cás palabras.



Diego Velázquez: “El aguador de Sevilla” (1620)
Apsley House (Wellington Museum) de Londres.

Novos Artistas

Título:

Amor Apresurado

Autoría:

Laura Noya Conde e Alba Raposo

Esta pintura, elaborada con tinta e ceras sobre papel, foi realizada para participar no certame convocado polo Concello de Outes xunto coa Asociación *Terra de Outes* en abril de 2008, entre os escolares deste municipio, para conmemorar o 130 aniversario da morte do poeta Añón. Pero non puido ser premiada, por non axustarse ás bases da convocatoria, xa que na modalidade de grupos só podían participar nenos e penas de Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria e as súas autoras, que evidencian unha notable dose de creatividade, estudaban entón 6º de Primaria no Colexio da Serra e debían competir na modalidade individual, na que, de telo feito así, a bo seguro que serían galardoadas con algún dos premios correspondentes á súa categoría.

